## CAMPIONATO GALEGO DE CICLOCRÓS

# PROTOCOLO FISICOVID-DXTGALEGO
# CAMPIONATO GALEGO CICLOCROSS
# ESMELLE C.C. - 27/12/2020

O responsable de protocolo por parte da organización será: ANTONIO GRANDAL FERNÁNDEZ con D.N.I. 32665952H, teléfono de contacto 646109150.

----

**EVALUACIÓN DOS RISCOS DE TRANSMISIÓN DE SARS-COV-2**
**(en base ó documento do Ministerio de Sanidad "Recomendaciones para eventos e actividades multitudinarias en el contexto de nueva normalidad por covid-19 en España de data 16 de setembro de 2020")**

- O evento celébrase no Concello de Ferrol, calificado como zona vermella e con restriccións.
- Celébrase íntegramente ó aire libre e nun recinto totalmente pechado.
- A situación do evento está situado a 3 kms do núcleo urbán de da cidade de Ferrol población.
- O control de aforo realizarase por dúas entradas para os participantes.
- A área aproximada que abarca es de 2000 m2, donde se distribuyen las diferentes áreas o zonas delimitadas e controles de acceso
- A participación estimada é de 250 deportistas, distribuidos en 16 categorías distintas e acompañados dunha persoa por cada deportista, sendo a totalidade estimada de 500 persoas.
- Os deportistas acederan ó recinto presentando test PCR, antíxenos ou serolóxico negativo.
- O evento celebrarase dende as 8:00 ata ás 18:00
- Pódese manter a distancia de seguridade interpersoal de 1.5 mts.
- Os participantes van dende os 15 anos ata os 69 anos, sendo o rango de idade de maior participación de 35 a 49 anos e un número aproximado de 20 participantes entre 50 e 69 anos.
- Os deportistas proveñen das catro provincias galegas.

A valoración do nivel de risco é **BAIXO.**

Para minimizar o risco de contaxio, a proba seguirá de forma estricta o "Protocolo de actuación para a volta da actividade ciclista fronte a Covid-19" da Federación

# CAMPIONATO GALEGO DE CICLOCRÓS

Galega de Ciclismo e este "Protocolo FISICOVID-DXTGALEGO CAMPIONATO GALEGO CICLOCROSS – ESMELLE C.C. 27/12/2020". Ambo-los dous documentos serán de obrigado cumprimento por parte de todas as persoas que forman parte da proba (staff, organización, participantes, medios de comunicación, etc…)

**MEDIDAS ESPECÍFICAS A TOMAR PARA A CONTENCIÓN DE AFORO NO EVENTO**

Para a contención do aforo ó evento tomaranse as seguintes medidas:

1. O evento non contará con público, todas as persoas que accedan o recinto da competición terán que estar previamente inscritas.
2. Soamente se permitirá un asistente por cada deportista
3. O evento desenvolverase durante todo o día en diferentes mangas con tempo suficiente para o desafiuzamento das categorías que participan en cada manga do circuito.
4. Os deportistas que rematen a súa manga deberán saír do recinto como más tardar 1 h despois. Se isto non fora posible porque o seu equipo aún debe disputar máis mangas, deberán permanecer nas inmediacións da zona habilitada para o equipo.
5. Os medios de comunicación acreditados poderán estar representados por un máximo de 10 persoas en total.
6. Contaremos cun total de 25 persoas para o control das zonas de acceso e o correcto desenrolo do evento.
7. Persoal de apoio por parte da Policía local de Ferrol e/ou Protección Civil Ferrol.
8. Medios sanitarios, unha Ambulancia e Médico

# CAMPIONATO GALEGO DE CICLOCRÓS

## CONTROL NO RECINTO ONDE SE DESENVOLVE A COMPETICIÓN.

O recinto da proba atópase ó aire libre no recinto pechado do Clube de Campo de Ferrol.

O recinto da proba divídese en 4 partes, todas elas cerradas no seu perímetro para poder controlar os respectivos accesos.

1. **ZONA EQUIPOS**:

A zona de Equipos está situada á beira do campo de fútbol do Clube de Campo.

O acceso a esta zona estará controlado e dito acceso só estará habitado para participantes e auxiliares.

O control constará de:

a. Comprobación de preinscripción na proba
b. Comprobación de datos dos vehículos para os que o equipo solicitou autorización.
c. Toma de temperatura a todos los participantes antes de formar as grellas (+37,5 activar protocolo Sergas llamar ó 900400116)
d. Limpieza e desinfección de mans
e. Comprobación do test serolóxico ou similar (PCR ou test de Antíxenos) negativo realizado segundo o protocolo da Federación Galega de Ciclismo.

Unha vez comprobada toda a documentación e que a mesma está correcta, procederase a:

f. Entrega de pulseiras identificativas que se terán que por inmediatamente antes do acceso. Según o seu color se lles permitirá o acceso a diferentes zonas do recinto.
g. Entrega de acreditación para o vehículo.
h. Indicación do lugar onde estacionar e montar o seu stand.

Cada equipo terá unha zona onde ubicará as súas carpas. Entre a zona dun equipo e a de outro haberá unha separación mínima de 3 mts. libres.

Dentro do recinto:
i. Non haberá vestiarios nin duchas
j. Non haberá punto de limpeza de bicicletas comunes
k. Haberá varios puntos con xel hidroalcóholico distribuidos pola zona.
l. Haberá aseos con persoal da organización que procederá á desinfección e ventilación despois do seu uso, así como control de aforos según-do o establecido por la normativa en vigor en base o tamaño do mesmo para poder garantizar a distancia de seguridade.

2. **PARKING EQUIPOS e CORREDORES**:

Os parking de equipos e corredores estarán ubicados en dous sitios diferenciados. Só se permitirá o acceso ós vehículos e persoas previamente acreditadas pola organización.

Realizarase:
- Comprobación da documentación requerida.
- Toma de temperatura a todo o persoal (+37,5 de febre ou síntomas compatibles coa COVID19, activar protocolo Sergas llamar ó 900400116).
- Desinfección de mans

Entregaráselle:
- Distintivo correspondiente (chaleco para a organización ou pulseira)
- Unha acreditación para o vehículo

3. **OFICINA PERMANENTE:**

Situarase ó aire libre nunha carpa de 3x3 mts.
En dito punto situarase outro punto de control, que controlará o acceso a Oficina Permanente, ó Circuito e ó Box. Estos accesos estarán delimitados por vallas creando carriles independientes.

En dito control só se permitirá o acceso a 5 personas como máximo e non permitindo a entrada a máis ata que un deixe dita oficina.
Dende o control ata a ubicación da Oficina haberá unha distancia de 10 mts, para que as 5 persoas teñan a posibilidade de manter unha distancia de 2 mts entre elas.

## CAMPIONATO GALEGO DE CICLOCRÓS

Só se permite acceso a un técnico/responsable club por equipo.
Antes do acceso a dita oficina haberá un punto con xel hidroalcóholico.
Na oficina permanente non se realiza reunión de directores. Todo cambio ou imprevisto se comunicará por megafonía.

4. **CIRCUITO:**

O circuito ten unha lonxitude de 2500 mts aprox, circuito circular que discurre na sua maior parte por zona verde.

O circuito estará balizado, contando cun cerre perimetral, malla xa existente, vallas e cinta, que impide o acceso dende a zona de Equipos sen pasar previamente polo control de acceso.

Só se permite a entrada ó circuito ó deportista que leve seu dorsal, tanto para recoñecer o circuito como para súa manga de competición.
En paralelo á recta de saída e no marxe esquerdo, habilitarase unha zona para os auxiliares, para a recollida da roupa de quencemento. Antes da entrada á mesma haberá un punto de xel onde deberán proceder á desinfección de mans.
Unha vez iniciada a proba sairán da zona tendo que regresar os auxiliares á zona de equipos ou dirixirse á zona de box.

O circuito conta cunha zona de boxes para o cambio e limpeza de material en competición. O acceso a dita zona realizarase pola parte interior do cerre xa existente, sin ter en ningún momento acceso a outras partes do circuito.
Na zona de boxes só poderán permanecer os técnicos dos corredores que están en disputa de súa manga de competición.
Antes da entrada ó box haberá un punto con xel hidroalcóholico onde os técnicos procederán á desinfección de mans.

O punto de limpeza de bicicletas contará con persoal da organización que serán os encargados da limpeza de cada bicicleta, evitando o uso compartido das mangueiras de agua e o contacto entre o material do deportista e as persoas da organización.

Haberá unha cuña por megafonía indicando cada 15 min, lembrando a distancia interpersoal de 1,5 mts, o uso obrigatorio da máscara e o cumprimento dos protocolos da proba.

# CAMPIONATO GALEGO DE CICLOCRÓS

## PROGRAMA DE COMPETICION E FORMATO:

As competicións realízanse en diferentes mangas, segundo categorías. Se dentro de cada manga saen diferentes categorías, estas sairán segundo o programa de competición, cun tempo mínimo de 2 min entre categorías. A separación en grella de saída das diferentes categorías realizarase cun corte de cinta.

O circuito abrirase á 9:30, para comenzar os adestramentos de circuito, só por deportistas que porten dorsal, e segundo a súa categoría. Sempre levarán a máscara na inspección do circuito.

A grella de saída disporase en 8 calles, deixando unha separación lateral de 2 mts entre cada ciclista e unha distancia entre o corredor de adiante o de atrás de 2 mts.

**Horarios e mangas:**

9:30 a 10:15, adestramentos para as categorías (con máscara):
- Cadete masculino, dorsales 301 a 399 (participación estimada 25)
- Cadete feminino, dorsales 401 a 449 (participación estimada 15)
- Junior masculino, dorsales 201 a 299 (participación estimada 25)

10:30 a 11:15, Manga 1:

Competición Cadete masculino, Cadete Feminino e Junior. Retiran máscara 30 segundos antes da saída
- 10:30 Saída Junior masculino
- 10:33 Saída Cadete masculino
- 10:35 Saída Cadete feminino

11:15 a 12:00, adestramentos para as categorías (con máscara):
- Junior feminino, dorsales 450 a 499 (participación estimada 8)
- Elite/Sub23 feminino, dorsales 500 a 599 (participación estimada 10)
- Elite/Sub23 masculino, dorsales 1 a 199 (participación estimada 40)

12:15 a 13:00, Manga 2:

Competición Elite/Sub23 masculino e femenino e Junior feminino. Retiran máscara 30 segundos antes da saída
- 12:15 Saída Elite/Sub23 masculino
- 12:17 Saída Elite/Sub23 feminino
- 12:20 Saída Junior feminino

## CAMPIONATO GALEGO DE CICLOCRÓS

13:00 a 13:45, adestramentos para as categorías (con máscara):

- Master 30, dorsales 850 a 999 (participación estimada 25)
- Master 50/60, dorsales 801 a 849 (participación estimada 20)
- Master feminino, dorsales 1450 a 1499 (participación estimada 10)

14:00 a 14:45, Manga 3:

Competición Master 30/50/60 e Master feminino. Retiran máscara 30 segundos antes da saída.

- 14:00 Saída Master 30
- 14:02 Saída Master 50/60
- 14:05 Saída Master feminino

14:45 a 15:30, adestramentos para as categorías (con máscara):

- Master 40, dorsales 601 a 799 (participación estimada 40)

15:45 a 16:30, Manga 4:

Competición Master 40. Retiran máscara 30 segundos antes da saída.

- 15:45 Saída Master 40.

16:45 FIN DA PROBA DEPORTIVA

## CAMPIONATO GALEGO DE CICLOCRÓS

### ANTES, DURANTE E DESPOIS DA COMPETICIÓN:

### ANTES DA COMPETICIÓN

1. Os deportistas terán que portar a máscara para acceder ó circuito.
2. Durante os adestramentos non poderán retirar as máscaras.

### DURANTE COMPETICIÓN

3. Toma de temperatura (+37,5 de fiebre ou síntomas compatibles coa COVID19, activar protocolo Sergas, chamar ó 900400116).
4. Distancia de seguridade en toda a formación de grella.
5. Participantes con máscara e separación de 2 metros, retirando a máscara 30” antes da saída.
6. Box, con posto de lavado, con 3 auxiliares da organización que serán os responsables da limpeza do material do deportista durante cada manga da competición, única e exclusivamente. Sin tocar material dos deportistas.
7. O persoal auxiliar e técnico só poderá permanecer no circuito nas zonas habilitadas para realizar as súas funcións (box e liña saída), antes do acceso á mesma deberán desinfectar as mans no punto de xel hidroalcóholico que porá a disposición a organización. Sempre deberán levar a máscara.
8. Os deportistas só poderán acceder ó circuito para o recoñecemento do mesmo e a disputa da súa proba correspondente e, en ningún caso está permitido asistir como público á disputa das outras competicións.

### DESPOIS COMPETICION

9. Todo corredor que pase a liña de meta porase a máscara. A organización lle entregará unha nova a cada deportista, e inmediatamente despois dirixiranse á zona de equipos pola zona habilitada para dito fin.
10. Non haberá zona de duchas nin vestuarios compartidos.
11. Non haberá ningún posto de lavado de bicicletas común. Cada equipo ou deportista deberá realizar as labores de limpeza na súa zona habilitada e co seu propio material de limpeza.
12. Todos os deportistas terán unha hora dende o fin da súa proba para abandonar o recinto da mesma. Senon fora posible deberá permanecer na zona asignada do seu equipo.
13. Todo deportista, auxiliar ou técnico que non cumpla estas normas, se lle prohibirá estar automáticamente na zona da proba.
14. A entrega de premios realizarase inmediatamente ó término de cada manga, desviando ós deportistas que lles corresponda á zona de pódium e solicitando por megafonía o acceso dun responsable do club para acompañalo, mantendo a distancia de seguridade e usando máscara.

CENTRO BTT VALLE DE ESMELLE

CICLOCRÓS CIDADE DE FERROL

# CAMPIONATO GALEGO DE CICLOCRÓS

**Todo persoal de Organización, Médicos, Seguridade, Asistentes, Media, etc. así como o persoal de equipos deberán portar a máscara en todo momento en todas as zonas do evento.**

**RESUMEN FINAL:**
**Test Covid19, ausencia de público, máscara obligatoria, distancia interpersoal de 1,5m, evitar o contacto físico, limpeza e desinfección de mans, evitar aglomeraciones, toma de temperatura e realización de todos os actos ó aire libre.**











**PLANOS DO EVENTO:**



CENTRO BTT
VALLE DE ESMELLE

CICLOCRÓS CIDADE DE FERROL

# CAMPIONATO GALEGO DE CICLOCRÓS

## ACCESO Ó RECINTO

